



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

## BANDO MUNICIPAL

### CUMPRIMENTO DO HORARIO DE TERRAZAS

Faise saber:

O DESCANSO E A CALIDADE DE VIDA NO ÁMBITO DOMÉSTICO ESTÁ PROTEXIDO COMO UN DEREITO FUNDAMENTAL DOS CIDADÁNS QUE DEBE SER PRESERVADO, E AS AUTORIDADES DEBEMOS VELAR POR GARANTIR O RESPECTO DE DITOS DEREITOS.

O VALEDOR DO POBO DIRIXIU EN XUÑO A ESTE CONCELLO UN ESCRITO DE ATENCIÓN POLA CONTINUADA VULNERACIÓN DE DEREITOS FUNDAMENTAIS A CIDADÁNS E A RECOMENDACIÓN DE ADOPTAR URXENTEMENTE MEDIDAS DE CORRECCIÓN ANTES AS DENUNCIAS POR MOLESTIAS E PREXUIZOS OCASIONADOS POLO FUNCIONAMENTO RUIDOSO EN HORARIO NOCTURNO DALGÚNS LOCAIS.

Mediante este BANDO o Concello de Fisterra, independentemente doutras actuacións legais que sexan oportunas no caso de resultar necesarias, fai aviso aos establecementos hoteleiros, hostaleiros ou comerciais, dentro do termo municipal, que no conferinte ao uso de espazos públicos de terrazas debe cumprirse á Ordenanza municipal reguladora das mesmas.

Que dita ordenanza establece o réxime xurídico á que debe someterse o seu aproveitamento por ocupación temporal e outros elementos que constitúan complemento da actividade dos locais de hostalaría ou comerciais, así coma o cumprimento na limitación sonora procedente de dita actividade. Recórdaselle que en virtude do artigo 6, os horarios do seu funcionamento son:

- Meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro: **Ata a 1:00 horas.**
- Resto do ano entre semana ( de domingo a xoves): **Ata as 23:30 horas.**
- Resto do ano en fin de semana (venres e sábado): **00:30 horas.**

Podendo prorrogarse en época de festas.

Que o seu incumprimento está tipificado coma infracción segundo o artigo 27 da Ordenanza, coa consideración de falta leve. A desobediencia continuada ao requirimento municipal de cumprimento de horarios figura tipificada coma infracción grave.

Segundo o réxime de sancións da ordenanza municipal as faltas leves sancionaranse cunha multa de ata 400 euros, e as graves con ata 1.000 euros.

**O QUE SE FAI PÚBLICO PARA XERAL COÑECEMENTO, EN FISTERRA A 12 DE AGOSTO DE 2015.**



O ALCALDE-PRESIDENTE

JOSÉ MARCOTE SUÁREZ